



CIRCULAR INFORMATIVA 13/2020

1. ADIANTO DOS PAGAMENTOS DO 3º TRIMESTRE DE 2020 DO SERVIZO DA QUENDA DE OFICIO E ASISTENCIA A PERSOAS DETIDAS

A Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar onte, acordou que o Colexio **adiante con fondos propios as cantidades correspondentes ás declaracións da quenda de oficio** presentadas no terceiro trimestre do ano.

Unha vez pechado o trimestre, o colexio remitirá as certificacións á Dirección Xeral de Xustiza para a súa validación. No caso de que estas estean todas correctas e non haxa que presentar alegacións para emendar posibles rexeitamentos, o colexio estará en disposición de facer os pagamentos antes do 9 de outubro.

2. O COLEXIO CONSTITUIRASE COMO PARTE NUNHAS DILIXENCIAS PENAIS ABERTAS POR UN ASUNTO DE INTRUSIÓN PROFESIONAL

A Xunta de Goberno tomou o acordo de que o Colexio se constitúa como acusación particular nas dilixencias previas do PA 102/2020 tramitadas no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Núm. 2 de Padrón por un asunto de posible intrusión profesional.

As dilixencias foron incoadas por instancia da Fiscalía de Santiago de Compostela a partir das denuncias presentadas previamente ante a propia fiscalía polo Colexio de Avogados e por un particular. A este respecto, cabe observar que o artigo 69 do Estatuto colexial establece como unha das atribucións e funcións específicas da Xunta e Goberno a de “perseguir a intrusión profesional”.

3. PUBLICACIÓNS A PREZO REDUCIDO PARA COLEXIADOS/AS

Dentro do marco de colaboración deste colexio con diversas editoras xurídicas, presentámosvos a seguintes oferta especial para os nosos colexiados/as:

Memento *Derecho de Familia* 2020, de Lefevre:

- **Prezo** reducido para colexiados/as: **29,80 € + IVE** (gastos de envío incluídos)
- **Prazo** de adquisición: **30 de outubro** (entrega antes do 16 de novembro en cada domicilio ou despacho)
- **Pedidos:** por parte dos interesados/as directamente a través da seguinte ligazón: <https://landings.lefevre.es/mementos/memento-familia-col-abogados>